

# PROTECCIÓN DE DATOS:

## - Que é a protección de datos?

Un dato persoal é calquera dato que permita, sen esforzos directa ou indirectamente a identidade dunha persoa física. \_

Toda organización ou empresa trata os datos persoais nas súas relacións de negocios ou profesionais e o tratamento está regulado por lei.

## - En que consiste?

A protección de datos consiste en protexelos e tratalos unicamente para fins. Isto esixe seguir certos protocolos e aplicar medidas de seguridade que en función dos datos que conteñan é o que marca a lei.

A Protección De Datos Persoais está regulada polo Regulamento Xeral De Protección De Datos UE.

## - Curiosidade

O día 28 de Xaneiro é o día Europeo da protección de datos. Esta data comezou a celebrarse no 2007 xa que xusto este ano fai 39 anos que se firmou o convenio encargado da regulación da protección de datos persoais.

Existe o RGPD (Regulamento Xeral de Protección de Datos) que está vixente para todos os países membros da Unión Europea dende fai case dous anos. En España tamén entrou en vigor a Lei.



### A Protección De Datos Persoais teñen unha serie de aspectos:

**Uso de cookie:** foron creadas en 1994, as empresas levan practicamente dende entón utilizándoas para conseguir a información dos usuarios, identificalos e almacenar a súa actividade do historial nunha web. Varias leis xa intentaron cambiar esta forma de obter os datos dos cidadáns.

Dereitos Dixitais (LOPDGDD), en ela entran os novos dereitos dixitais que temos os cidadáns e identidades.

**“Peaje” de seguir navegando:** normalmente dáse por suposto que cando o usuario acepta a condición de seguir na páxina web é porque deu o seu coñecemento para a recollida dos seus datos persoais., esta realidade moitas persoas non o saben.

**Política de privacidade incomprendible:** o problema de moitas Webs, o RGPD deixa ben claro que as políticas de privacidade deben expresarse nun linguaxe comprensible para todas as persoas sen necesidade de ter coñecementos xurídicos nin estar acostumado a manexar tecnicismos. O problema de este aspecto da política a redacta un avogado e como é habitual neste gremio utilizan un vocabulario que restan claridade a información, ante isto a solución sería “traducir” a información nun linguaxe ou dito doutra maneira transmitilo dunha maneira máis coloquial.

**Formularios da Web, subscricións ou rexistros:** moitas Webs obrigan ao usuario a rexistrarse para publicar comentarios. A petición do consentimento debe ser explicativa, ben informada e correcta pero sobre todo verificada. Este último é moi importante porque o usuario ten que demostrar dalgunha maneira que deu o seu consentimento, se non fora así e pasase todo o contrario pode chegar a ocorrer unha sanción económica.



**Aplicación do dereito ao esquecemento e a portabilidade de datos:** Isto non só entra en conflito co RGDPD senón que tamén está previsto no dereito informativo. Entran en xogo os dereitos como ARCO ( Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición), isto quere dicir que cando o usuario desexe todos os seus datos persoais. deben poder borrarse sen problema ningún. Ademais todos estes datos deben estar rexistrados como “documentación do cliente”.

**Medidas de seguridade adecuadas:** Algunhas veces estas medidas de seguridade non están actualizadas na páxina Web e presentan algúns problemas de seguridade. O negocio debe contar cun protocolo de actuación respecto aos casos da crises do tratamento de datos. Realízase estudando situacións de crises, os efectos...

**Establecer sistemas periódicos de control:** O cidadán debe establecer un sistema de control que se aplique periodicamente. Este sistema permite recuperar os datos e o funcionamento da Web si existe algún problema.

### **Aloxamento da Web fora da**

**UE:** En moitas ocasións, os negocios aloxan seu sitio Web fora das fronteiras españolas, dentro d Unión Europea, as veces, non cumpren as medidas de seguridade ou requisitos para a protección de datos que imponen RGPD. Hai que ter claro si o “hosting” (aloxamento Web é o servizo que provee aos usuarios de Internet un sistema para poder almacenar información, imaxes, vídeos ou calquera contido accesible vía Web) da nosa páxina cumpre cun dito regulamento e de non ser así, modifícalo.



### **Que é o dPO?**

O dPO é quen entre outras funcións, debe supervisar o cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais. e no seu caso xestionan as consultas das persoas que se poñan en contacto co mesmo en relación co tratamento dos seus datos persoais.

### **Cando existe unha obrigaón de ter un dPO:**

1. O tratamento non leva a cabo unha autoridade pública, excepto os tribunais que

actúen un exercicio da súa función xudicial.

2. As actividades principais do responsable e do encargado consisten en operacións que requiren unha observación habitual e sistemática de interesados a gran escala:

- a) Número de interesados afectados.
- b) Volumen de datos que son obxecto de tratamentos.
- c) Duración dos tratamentos anteriores.
- d) Extensión xeográfica de tales tratamentos.

3. As actividades principais do responsable e do encargado consisten no tratamento a gran escala de categorías especiais de datos persoais.

## Quen deben nomear un dPO:

- a) Os colexios persoais. e os seus consellos xerais.
- b) Os centros docentes e as universidades públicas e privadas.
- c) As entidades que exploten redes e presten servizos de comunicacións electrónicas.
- d) Os prestadores de servizos da sociedade e da información cando elaboren a gran escala perfiles dos usuarios.
- e) As entidades de ordenación e supervisión.
- f) Establecementos financeiros de créditos.
- g) Entidades aseguradoras.
- h) Empresas de inversión.



## O teu dereito da protección de datos de carácter persoal:

Os datos de carácter persoal son calquera información referente a persoas físicas ou identificadas podendo ser identificable toda persoa cuxa identidade poda determinarse mediante un identificador, por exemplo. un

nome, un número de identificación, datos de localización ou un identificador en liña ou mediante o uso dun ou varios elementos propios da identificación física, fisiolóxica, xenética, económica das persoas.

## Dependendo do tipo de datos:

poden ser identificativos (nome, apelidos, número de documento nacional de identidade) referidos a situación laboral, financeira ou de saúde.

Tamén existen as categorías especiais de datos, nos que ademais os datos de saúde encóntranse nos que se podan relevar a túa orixe, opinións políticas, así como tamén a túa orientación sexual.



## **En que situacións utilizo os meus datos persoais?**

Cando te rexistras nun hotel, poden solicitarte os datos que figuran no teu documento nacional de identidade, se pides unha hipoteca podente pedir datos económicos como a copia da túa nómina, para valorar a túa situación económica.

Cando te subscribes nalgún tipo a través de internet como pode

ser recibir newsletter facilitarás polo menos o teu correo electrónico no proceso. Si te das alta nun servizo dun correo electrónico tamén solicitarante os teus datos persoais. Nos centros de saúde ou hospitais facilitarás ademais os datos de carácter persoal identificados, aqueles relacionados coa saúde. No teu traballo mentres dure a prestación laboral coa entidade na que prestas aos teus servizos, para diversas finalidades relacionadas con dita prestación como pode ser a xestión de recursos humanos ou pagarte a túa retribución.

